

TONY CONRAD, COMPLETELY IN THE PRESENT 308

[Tyler Hubby, 2016]

ESTREA EN NUMAX: 27.11.2017 | V.O.S.E.

Tony Conrad: Completely in the Present (2016, 96')

Dirección: Tyler Hubby

Guión: Tyler Hubby

Participación: John Cale, Tony Conrad, David Grubbs, Branden Joseph, Zach Layton, Moby, Tony Oursler, Lou Reed

Son: Caleb Hollenback, Raymond Park, Mark A. Rozett, Ben Whitver

Montaxe: Tyler Hubby

Fotografía: Damian Calvo, Fortunato Procopio

Música: Tony Conrad

Produtoras: Paul Williams (Estados Unidos)

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

House of Harrington, 2008

[curtametraxe documental]

Conjugal Bliss, 2008 [curtametraxe]

kNOB, 2001 [curtametraxe]

Drive to Work, 1997 [curtametraxe]

Monday 9:02 A. M., 1995 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

IndieLisboa 2017 (Premio Indiemusic Schwepes), Big Sky Documentary Film Festival 2017 (Sección oficial)

SINOPSE

Semblanza dun dos artistas máis iconoclastas da avangarda dos anos 60 e 70. Foi músico, videoartista, activista mediático e ante todo pensador radical e provocador, pioneiro do minimalismo e o drone xunto a LaMonte Young e John Cale.

«Un retrato non pretencioso dun artista singular. Non require coñecemento previo na materia, pero tampouco fuxe da súa complexa radicalidade»

The WIRE

OS OLLOS VERDES

CINEMA INÉDITO DE NUMAX

TONY CONRAD, COMPLETELY IN THE PRESENT

[Tyler Hubby, 2016]



Nota de intención do director

Na primavera de 1994 deixei a escola de arte para seguir unha caravana de músicos delincentes que estaban a desafiar por completo o que era a música e o que a música significaba. Filmei a Tony Conrad cando actuou por primeira vez en público como violín solista, e desde aquela seguino facendo. El é multidimensional, o seu traballo ten ocupado case por completo a miña vida de adulto. Foi inspirador e desafiante, inclusivo e esquivo. As estimulantes loitas ideolóxicas que mantivo coas fundacións da cultura do oeste influenciaron as miñas ideas sobre o papel da arte en sociedade. Empatizo cos temas escuros e difíciles: aqueles que son difíciles de describir e de cuantificar. Tony mantívome en vilo e adiviñando durante vinte anos. Cada vez que traballo con el descubro novas facetas súas. A súa alma é enorme e verdadeiramente imposible de aprehender, pero trato de aferrarme a el para achegarme ao sol o máximo posible.

Publicado en www.tonyconradmovie.com

“Teríame gustado ver un filme como este cando tiña 16 ou 18 anos”

Entrevista con Tyler Hubby

Por Yusef Sayed

O teu filme tardou dúas décadas en facerse. Sei que arrincou a mediados dos 90, cando traballabas para o selo discográfico Table of the Elements, -que por primeira vez rexistrou a peza musical de Conrad en colaboración con Faust -*Outside the Dream Syndicate*, no ano 1993- e facendo traballos de documentación musical para o selo. Como pasaches daquilo a estar nun proxecto independente sobre Tony Conrad? Foi un proceso que evolucionou. Non sabía de todo o seu traballo cando o coñecín. Coñecía a súa faceta musical, de cando fixera *The Flicker* (1966). Despois, co paso dos anos... Recordo que veu a Os Ánxeles no 98 para facer parte da exposición «Fóra de Accións» no MOCA. Deu un concerto que gravei, e despois fixo unha presentación no Filmforum onde amosou vídeos moi tolos que non coñecía. Sabía



TONY CONRAD, COMPLETELY IN THE PRESENT

[Tyler Hubby, 2016]



SOBRE O DIRECTOR

Malia que este é o seu primeiro debut como director, TYLER HUBBY encargouse da montaxe de arredor de trinta traballos documentais, incluíndo *The Devil and Daniel Johnston*, a pícara biografía do artista e músico Daniel Johnston; *The Great Invisible*, que gañou o Gran Premio do Xurado nos SXSW 2014; ou o documental da HBO *A Small Act*, entre outros traballos. Tamén coproduciu e montou *Lost Angels*, centrada nos habitantes dos barrios máis conflituivos de Os Ánxeles, e o documental punk rock *Bad Brains: Band in DC* (2012). Traballou como axudante de montaxe en *The Garden* (2008), nominada aos Oscar, e no documental *Roman Polanski: se busca* (2008), da HBO. Estudou cinema e fotografía no Instituto de Arte de San Francisco. Curtametraxes súas, subversivas e irreverentes, que falan de fetichismo, codependencia e mutacións corporais téñense proxectado internacionalmente e figuran no libro *Cinema Contra Cinema*, do autor británico Jack Sargeant.

dos seus filmes en dezaseis milímetros pero non de todo o seu material artístico tolísimo dos 80 e os 90. Estaba amosando *Grading Tips for Teachers* [2003], que é un dos meus favoritos. E foi moi difícil conseguir unha copia deste traballo ata hai dous meses. Mandoume un arquivo corrupto, díxenlle que mo volvese enviar (...) Ao final contactei coas dúas mulleres que traballaron con el e que o puxeron en Vimeo, e deume unha copia diso.

Vino, é xenial. Quixen incluír iso no apartado de «Ensinando» do filme, tan só unha mostra, porque é fantástico. A primeira vez que entrevistei a Tony no 1994 fixen unha entrevista longa increíble. Tiñamos a idea de facer un documental sobre a súa xira con Faust nos Estados Unidos pero non funcionou, entón volví a Jeff Hunt en Table of the Elements e díxenlle que o que tiñamos que facer un documental sobre Tony Conrad. Foi unha brincadeira durante anos. Despois, a brincadeira tornou algo serio. Non sabía que (Tony) estivera na televisión pública até 2010, cando empezou a falar de aquilo. É que sempre había algo máis. El dicía: «Ah, pois se che gusta iso...» e amosábame algo máis. Empecei pola faceta musical, e logo caín na conta de que tiñamos o retrato dun artista total ante nós. E iso foi moi importante, así que incluí un longo apartado sobre as súas ensinanzas.

No Antioch College, nos 70, na Universidade de Buffalo, fixo un traballo fundamental no estudio dos medios. A historia dese departamento en Buffalo é resaltábel, con Paul Sharits, Hollis Frampton, Woody e Steina Vasulka... Moitas das miñas amizades, artistas que viven do seu traballo, tamén teñen que ensinar, así que ao final acabas facéndoo. Son moi poucos os amigos que viven de ser artistas que non ensinen. Un par deles, e foi porque tiveron sorte con algunha cousa ou tiveron acceso ao diñeiro ou así.

Estaría moi ben escoitarte falar sobre o proceso de montaxe. Moito traballo recaeu na montaxe, non só é toda a metrxaxe acumulada senón tamén o feito de facer un documental sobre alguén cuxo traballo é tan vasto. Como fixeches para estruturar este material? É gracioso, parecía que facer un filme sobre Tony Conrad podería levarme dúas décadas, porque non había hai xeito. Foi xustamente buscando o balance entre o seu traballo e a documentación do seu traballo. Como cineasta teño o control, pero sempre debía telo a el en primeiro plano. Quería que a experiencia do seu traballo estivese en primeiro plano, e por iso tratei de evitar bustos parlantes tanto como me foi posíbel.



Moitas partes do filme e do material de vídeo era difícil de atopar -moito nin sabía que existía- así que foi marabilloso ver algo dese material e facerse unha idea. Quixen deixar os traballos respirar, iso era o que estaba buscando. E ao tempo facer un filme que dalgún xeito encaixase cunha metrxaxe convencional. Porque puiden facer que durase tres horas. Pero, aínda que a Tony lle tería encantado, non tería servido á causa. Dinme conta de que a idea non era facer un filme que fose difícil, opaco e frustrante de ver, senón un filme que enganchase, que fose cercano e divertido de ver, porque para a xente que non sabe quen é Tony Conrad precisa dunha introdución.

Concordo. Se tivese feito algo que fose difícil de ver... O éxito para Tony era que a performance rematara cando todo o mundo tiña xa marchado. El diría: «Fantástico! Cazámoslos a todos pirando». Esa tería sido unha boa estratexia. Pero non tería sido de axuda. Así que pensei: para quen é isto? E pensei en min cando era mozo e empezaba a interesarme pola arte. A min teríame gustado ver un filme como este cando tiña 16 ou 18 anos. E con isto non quero dicir que sexa un filme simplón, tes que ser un adolescente espilido para seguir interesado en velo. Pero quería que fose un traballo moi próximo. Despois está o humor na vida de

Tony e no seu traballo e iso tiña que estar alí. É doado facer algo escuro e extremo, pero iso non sería el. Podes interpretar o seu traballo nese sentido, pero non sería el tampouco. Iso reflíctese no filme polo feito de estar arredor del, captando a súa esencia. Non quixen facer un resumo visual, nin escribir o seu epitafio. Quixen que o filme fose estar nesa carreira salvaxe con este rapaz medio tolo durante 96 minutos.

Publicado en www.mubi.com
Traducións: Olalla Cociña

OS OLLOS VERDES

● CINEMA
INÉDITO
DE NUMAX



«Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX» presenta cada mes e en exclusiva filmes cun destacado percorrido en festivais internacionais que nin foron estreados, nin teñen prevista a súa proxección en salas comerciais en España.

Ademais, **se estudas na USC**, podes obter **1 crédito ECTS** pola asistencia ás sesións! As persoas inscritas na actividade terán que asistir a 12 ou máis proxeccións durante o curso académico entre os meses de outubro e xuño (incluídos) e elaborar algún contido específico, cunha extensión mínima de 5.000 caracteres, que teña relación con calquera aspecto do programa. Máis info en www.numax.org ou en comunicacion@numax.org.

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org